LUNS **13 DECEMBRO** 2020 • ANO XIV - Nº 567 • Correo: liderlugo@lavoz.es

La Voz de Galicia

# 1. Líder



2 1

# ANO NOVO, VIDA NOVA NO ROCA

**O Rácing Villalbés logrou o primeiro triunfo na casa deste curso** tras impoñerse ao Valladares 2-1 con goles de Martín e López. Os de Cholas conseguiron unha vitoria que se resistía a chegar e comezan o 2020 con enerxías renovadas en busca da permanencia na Liga Nacional xuvenil

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Marina Sp. – TSK Roces | 0–3 |
| Conxo – Ural CF | 2–2 |
| R. Avilés – CD Lugo | 0–2 |
| Calasanz – R. Santander | 1–4 |
| R. Ferrol – Bansander | 1–1 |
| Val Miñor – R. Oviedo | 2–0 |
| At. Perinés – Sp. Gijón | 0–2 |
| RC Celta – Deportivo | 2–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 45 | 17 | 14 | 3 | 0 | 47 | 13 |
| SPORTING GIJÓN | 43 | 17 | 13 | 4 | 0 | 50 | 12 |
| RC DEPORTIVO | 32 | 17 | 9 | 5 | 3 | 29 | 14 |
| BANSANDER | 29 | 17 | 8 | 5 | 4 | 22 | 16 |
| R SANTANDER | 28 | 17 | 8 | 4 | 5 | 35 | 25 |
| REAL OVIEDO | 26 | 17 | 8 | 2 | 7 | 27 | 25 |
| CONXO SANTIAGO | 23 | 17 | 6 | 5 | 6 | 21 | 28 |
| ATL PERINES | 21 | 17 | 6 | 3 | 8 | 15 | 26 |
| TSK ROCES | 19 | 17 | 6 | 1 | 10 | 21 | 31 |
| URAL CF | 18 | 16 | 4 | 6 | 6 | 18 | 21 |
| ED VAL MIÑOR | 18 | 17 | 5 | 3 | 9 | 22 | 26 |
| REAL AVILÉS CF | 16 | 17 | 4 | 4 | 9 | 13 | 31 |
| **CD LUGO** | **16** | **16** | **4** | **4** | **8** | **19** | **25** |
| RACING FERROL | 14 | 16 | 3 | 5 | 8 | 15 | 28 |
| CD CALASANZ | 12 | 16 | 3 | 3 | 10 | 15 | 28 |
| MARINA SPORT | 12 | 17 | 3 | 3 | 11 | 15 | 35 |

### PRÓXIMA XORNADA

Deportivo – TSK Roces
CD Lugo – RC Celta
Val Miñor – Marina Sp.
Ural – At. Perinés
R. Oviedo – R. Ferrol
R. Santander – R. Avilés
Bansander – Conxo
Sp. Gijón – Calasanz

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Celta B – Ourense CF | 1–0 |
| Alondras – Val Miñor B | 1–3 |
| CD Areosa – Deportivo B | 4–1 |
| Porriño – CD Lugo B | 3–1 |
| RC Villalbés – Valladares | 2–1 |
| EF Lalín – Pontevedra | 0–2 |
| Choco – Pabellón | 2–2 |
| O Val – Victoria | 1–2 |
| UD Ourense – R. Bouzas | 1–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 46 | 17 | 15 | 1 | 1 | 58 | 13 |
| DEPORTIVO "B" | 37 | 17 | 12 | 1 | 4 | 53 | 23 |
| C.D. AREOSA | 36 | 17 | 10 | 6 | 1 | 42 | 25 |
| PONTEVEDRA C.F. | 32 | 17 | 10 | 2 | 5 | 39 | 28 |
| PABELLON C.F. | 32 | 17 | 9 | 5 | 3 | 33 | 24 |
| C.D. CHOCO | 28 | 17 | 8 | 4 | 5 | 31 | 21 |
| OURENSE C.F. | 27 | 17 | 7 | 6 | 4 | 32 | 21 |
| **C.D. LUGO "B"** | **26** | **17** | **8** | **2** | **7** | **26** | **27** |
| VICTORIA C.F. | 24 | 17 | 7 | 3 | 7 | 28 | 26 |
| RAPIDO BOUZAS | 24 | 17 | 6 | 6 | 5 | 25 | 27 |
| ALONDRAS C.F. | 24 | 17 | 7 | 3 | 7 | 24 | 28 |
| VALLADARES | 18 | 17 | 5 | 3 | 9 | 27 | 36 |
| VAL MIÑOR "B" | 17 | 17 | 4 | 5 | 8 | 18 | 29 |
| E.F. LALIN | 14 | 17 | 4 | 2 | 11 | 15 | 38 |
| **RC VILLALBES** | **12** | **17** | **2** | **6** | **9** | **23** | **34** |
| S.D. O VAL | 12 | 17 | 3 | 3 | 11 | 18 | 46 |
| U.D. OURENSE | 11 | 17 | 3 | 2 | 12 | 20 | 39 |
| PORRIÑO C.F. | 7 | 17 | 1 | 4 | 12 | 14 | 41 |

### PRÓXIMA XORNADA

O Val – UD Ourense
CD Areosa – CD Lugo B
Choco – Victoria
Alondras – Deportivo B
EF Lalín – Pabellón
RC Celta B – Val Miñor B
RC Villalbés – Pontevedra
Ourense CF – R. Bouzas
Porriño – Valladares

## XUVENIL L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Residencia A – R. Ferrol B | 1–0 |
| As Pontes – Compostela | 1–3 |
| Ural B – G. Caranza | 3–0 |
| Dumbría – San Tirso | 3–1 |
| Montañeros – RC Villalbés B | 3–0 |
| Conxo B – Bergantiños | 1–2 |
| Orillamar – Viveiro CF | 2–3 |
| Estrada FB – Calsanz B | 3–0 |
| Victoria B – Boiro | 0–6 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. COMPOSTELA | 39 | 17 | 12 | 3 | 2 | 42 | 20 |
| CALASANZ "B" | 31 | 17 | 10 | 1 | 6 | 34 | 33 |
| R. FERROL "B" | 30 | 17 | 9 | 3 | 5 | 27 | 23 |
| BERGANTIÑOS | 29 | 17 | 8 | 5 | 4 | 30 | 15 |
| MONTAÑEROS C.F. | 29 | 17 | 7 | 8 | 2 | 24 | 13 |
| C.D. BOIRO | 28 | 16 | 8 | 4 | 4 | 31 | 17 |
| URAL C.F. "B" | 27 | 17 | 8 | 3 | 6 | 34 | 24 |
| SAN TIRSO S.D. | 26 | 17 | 8 | 2 | 7 | 39 | 24 |
| C.D. CONXO "B" | 24 | 17 | 6 | 6 | 5 | 37 | 26 |
| C.F. DUMBRIA | 24 | 17 | 7 | 3 | 7 | 31 | 31 |
| G. CARANZA | 21 | 17 | 6 | 3 | 8 | 28 | 37 |
| ESTRADA FB | 20 | 17 | 4 | 8 | 5 | 19 | 20 |
| **VIVEIRO C.F.** | **20** | **17** | **6** | **2** | **9** | **32** | **48** |
| C.D. AS PONTES | 19 | 17 | 5 | 4 | 8 | 25 | 31 |
| ORILLAMAR S.D. | 18 | 17 | 5 | 3 | 9 | 22 | 37 |
| **RESIDENCIA** | **17** | **16** | **4** | **5** | **7** | **15** | **22** |
| **VILLALBES "B"** | **14** | **17** | **4** | **2** | **11** | **20** | **36** |
| VICTORIA C.F. "B" | 7 | 17 | 2 | 1 | 14 | 19 | 52 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estrada FB – Victoria B
Ural B – San Tirso
Orillamar – Calasanz B
As Pontes – G. Caranza
Conxo B – Viveiro CF
Residencia – Compostela
Montañeros – Bergantiños
R. Ferrol B – Boiro
Dumbria – RC Villalbés B

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Calsanz – R. Ferrol | 0–1 |
| Bertamiráns – X. Oroso | 1–0 |
| Ural CF – Deportivo | 0–3 |
| Pontevedra – CD Lugo | 3–1 |
| San Tirso – RC Celta | 0–7 |
| Arosa SC – AJ Lérez | 4–0 |
| Conxo – Pabellón | 1–1 |
| Val Miñor – Bergantiños | 1–1 |
| Victoria CF – Coruxo | 1–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 51 | 17 | 17 | 0 | 0 | 69 | 5 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 46 | 17 | 15 | 1 | 1 | 75 | 9 |
| URAL C.F. | 29 | 17 | 8 | 5 | 4 | 22 | 17 |
| E.D. VAL MIÑOR | 29 | 17 | 9 | 2 | 6 | 29 | 26 |
| **C.D. LUGO** | **28** | **17** | **9** | **1** | **7** | **25** | **32** |
| C.D. CALASANZ | 27 | 17 | 7 | 6 | 4 | 27 | 17 |
| SAN TIRSO S.D. | 27 | 17 | 8 | 3 | 6 | 26 | 26 |
| C.D. CONXO | 24 | 17 | 6 | 6 | 5 | 22 | 27 |
| RACING FERROL | 22 | 17 | 6 | 4 | 7 | 19 | 27 |
| AROSA S.C. | 22 | 17 | 6 | 4 | 7 | 25 | 35 |
| VICTORIA C.F. | 22 | 17 | 6 | 4 | 7 | 26 | 37 |
| PONTEVEDRA C.F. | 21 | 17 | 5 | 6 | 6 | 23 | 23 |
| PABELLON C.F. | 21 | 17 | 6 | 3 | 8 | 21 | 24 |
| CORUXO F.C. | 17 | 17 | 4 | 5 | 8 | 22 | 24 |
| XUV. OROSO | 13 | 17 | 2 | 7 | 8 | 21 | 26 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 12 | 17 | 1 | 9 | 7 | 16 | 31 |
| BERTAMIRANS C.F. | 10 | 17 | 3 | 1 | 13 | 14 | 51 |
| A.J. LEREZ | 3 | 17 | 0 | 3 | 14 | 8 | 53 |

### PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor – Victoria
Ural – CD Lugo
Conxo – Bergantiños
Bertamiráns – Deportivo
Arosa SC – Pabellón
Calasanz – X. Oroso
San Tirso – AJ Lérez
R. Ferrol – Coruxo
Pontevedra – RC Celta

## CADETE L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Milagrosa – Imperator | 1–0 |
| Bergantiños B – Compostela | 0–3 |
| Ural B – G. Caranza | 1–2 |
| R. Ferrol B – San Tirso B | 1–1 |
| Montañeros – R. Villalbés | 4–0 |
| Conxo B – Dumbria | 4–1 |
| Deportivo B – Viveiro CF | 6–1 |
| Estrada FB – Calasanz B | 1–3 |
| CD Lugo B – Boiro | 2–3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEPORTIVO "B" | 44 | 17 | 14 | 2 | 1 | 60 | 17 |
| E.F.M BOIRO | 41 | 17 | 13 | 2 | 2 | 48 | 14 |
| S.D. COMPOSTELA | 38 | 17 | 12 | 2 | 3 | 35 | 16 |
| MONTAÑEROS C.F. | 37 | 17 | 11 | 4 | 2 | 39 | 10 |
| IMPERATOR O.A.R. | 31 | 17 | 10 | 1 | 6 | 22 | 24 |
| GALICIA CARANZA | 28 | 17 | 9 | 1 | 7 | 37 | 26 |
| URAL C.F. "B" | 25 | 17 | 7 | 4 | 6 | 37 | 24 |
| **C.D. LUGO "B"** | **24** | **17** | **7** | **3** | **7** | **28** | **21** |
| SAN TIRSO "B" | 24 | 17 | 7 | 3 | 7 | 28 | 25 |
| **MILAGROSA** | **24** | **17** | **6** | **6** | **5** | **15** | **20** |
| C.D. CONXO "B" | 21 | 17 | 6 | 3 | 8 | 24 | 26 |
| C.F. DUMBRIA | 19 | 17 | 6 | 1 | 10 | 26 | 35 |
| R. FERROL "B" | 16 | 17 | 4 | 4 | 9 | 17 | 43 |
| BERGANTIÑOS "B" | 15 | 17 | 4 | 3 | 10 | 22 | 36 |
| **VIVEIRO C.F.** | **14** | **17** | **4** | **2** | **11** | **15** | **54** |
| CALASANZ "B" | 13 | 17 | 3 | 4 | 10 | 18 | 35 |
| **RC VILLALBES** | **11** | **17** | **2** | **5** | **10** | **15** | **36** |
| ESTRADA FB | 7 | 17 | 1 | 4 | 12 | 19 | 43 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estrada – CD Lugo B
Ural B – San Tirso B
Deportivo B – Calasanz B
Bergantiños B–G. Caranza
Conxo B – Viveiro CF
Milagrosa – Compostela
Montañeros – Dumbria
Imperator – Boiro
R. Ferrol B – RC Villalbés

## INFANTIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sálvora – X. Oroso | 0–9 |
| Bertamiráns – Montañeros | 2–2 |
| Ural – Conxo | 4–4 |
| R. Ferrol – Calasanz | 3–4 |
| San Tirso – Narón | 2–2 |
| G. Caranza – Victoria | 1–6 |
| Deportivo – SD Viveiro | 5–0 |
| Victoria – Bergantiños | 2–1 |
| CD Lugo – EF Lalín | 2–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 49 | 17 | 16 | 1 | 0 | 98 | 5 |
| BERTAMIRANS F.C. | 38 | 17 | 12 | 2 | 3 | 52 | 12 |
| XUV. OROSO | 37 | 17 | 11 | 4 | 2 | 46 | 16 |
| C.D. CONXO | 35 | 17 | 11 | 2 | 4 | 48 | 23 |
| C.D. CALASANZ | 32 | 17 | 10 | 2 | 5 | 54 | 37 |
| URAL C.F. | 32 | 17 | 10 | 2 | 5 | 48 | 34 |
| **C.D. LUGO** | **32** | **17** | **10** | **2** | **5** | **41** | **27** |
| VICTORIA F.C. | 29 | 17 | 8 | 5 | 4 | 40 | 20 |
| RACING FERROL | 24 | 17 | 7 | 3 | 7 | 36 | 36 |
| GALICIA CARANZA | 21 | 17 | 7 | 0 | 10 | 25 | 50 |
| MONTAÑEROS C.F. | 19 | 17 | 5 | 4 | 8 | 25 | 31 |
| S.D.C.Y R. NARÓN | 17 | 17 | 5 | 2 | 10 | 31 | 46 |
| **S.D. VIVEIRO "A"** | **16** | **17** | **4** | **4** | **9** | **37** | **57** |
| BERGANTIÑOS | 16 | 17 | 5 | 1 | 11 | 26 | 62 |
| SAN TIRSO S.D. | 14 | 17 | 4 | 2 | 11 | 29 | 48 |
| E.F. LALIN | 13 | 17 | 4 | 1 | 12 | 23 | 64 |
| VICTORIA C.F. | 12 | 17 | 3 | 3 | 11 | 27 | 49 |
| SALVORA, C.F. | 3 | 17 | 1 | 0 | 16 | 12 | 81 |

### FINALIZADA A 1º FASE DA COMPETICIÓN

**CD Lugo** clasificado para o título Galego

**SD Viveiro** loitará pola permanecia




## XUVENIL 1ª Provincial

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadeo – Sarriana | 6–2 |
| San Roque – Residencia B | 2–1 |
| Milagrosa – Xove Lago | 3–3 |
| Castro – Polvorín A | 0–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C.D. CASTRO | 18 | 7 | 6 | 0 | 1 | 23 | 10 |
| S.D. SARRIANA | 13 | 7 | 4 | 1 | 2 | 12 | 13 |
| EF POLVORIN "A" | 11 | 6 | 3 | 2 | 1 | 8 | 5 |
| S.C.D. MILAGROSA | 10 | 6 | 3 | 1 | 2 | 20 | 9 |
| SD RIBADEO | 9 | 6 | 3 | 0 | 3 | 13 | 13 |
| RESIDENCIA "B" | 6 | 6 | 2 | 0 | 4 | 7 | 8 |
| S.D. MONTERROSO | 6 | 6 | 1 | 3 | 2 | 6 | 8 |
| SDC SAN ROQUE | 4 | 6 | 1 | 1 | 4 | 5 | 18 |
| U.D. XOVE LAGO | 2 | 6 | 0 | 2 | 4 | 7 | 17 |

### PRÓXIMA XORNADA

Residencia B – Ribadeo
Polvorín A – Milagrosa
Xove Lago – San Roque
Monterroso – Castro

## CADETE PROMOCIÓN

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Residencia – EF Polvorín | 1–2 |
| SD Burela – Piringalla A | 1–2 |
| SD Foz – SD Ribadeo | 2–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EF POLVORIN "A" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 1 |
| SD RIBADEO | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 1 |
| PIRINGALLA "A" | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 2 | 2 |
| BURELA S.D. | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 2 | 2 |
| S.D. BECERREA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| C.D. FOZ | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 |
| S.D. RESIDENCIA "A" | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 |

### PRÓXIMA XORNADA

CD Foz – Residencia A
Becerreá – Burela SD
Piringalla – Ribadeo

## INFANTIL PROMOCIÓN

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sarriana – Piringalla | 0–1 |
| Residencia A – Ribadeo | 2–2 |
| Becerreá – Milagrosa | 2–3 |
| Viveiro B – R. Villalbés | 2–2 |
| Burela – CD Lugo B | 5–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BURELA S.D. | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 | 11 | 2 |
| S.C.D. MILAGROSA | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 | 11 | 2 |
| SD RIBADEO | 7 | 3 | 2 | 1 | 0 | 14 | 7 |
| S.D. RESIDENCIA "A" | 5 | 3 | 1 | 2 | 0 | 4 | 3 |
| RC VILLALBÉS | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 | 7 | 7 |
| PIRINGALLA | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | 4 | 6 |
| S.D. BECERREA | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | 10 | 13 |
| S.D. SARRIANA | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 | 3 | 5 |
| S.D. VIVEIRO "B" | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 | 4 | 13 |
| C.D. LUGO SAD "B" | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 | 2 | 12 |

### PRÓXIMA XORNADA

Piringalla – Burela
Ribadeo – Sarriana
Milagrosa – Residencia
Villalbés – Becerreá
Lugo B – Viveiro B

# Bruno debuta con vitoria

**RODRÍGUEZ TOMOU O RELEVO DE JUAN SUBIRÁN Á FRONTE DO EQUIPO** e fíxose cunha importante vitoria ante o Real Avilés coa que o Lugo volveu á senda da vitoria na División de Honra

| REAL AVILÉS | 0 | 2 | CD LUGO |
|---|---|---|---|
| | | | Goles: Gabarre e Eloy |




**Árbitro:** Miguel González, Arnold Istvran e Lupei Andrei **Campo:** La Toba, Jesús Castro

A entrada do novo ano trouxo como principal novidade no CD Lugo a destitución de Juan Subirán como primeiro adestrador do equipo xuvenil de División de Honra. Bruno Rodríguez, home da casa e que xa coñece a competición tras estar xunto a Álex Antón en tempadas pasadas e logo de dirixir a un bo número de xogadores do persoal, tomou o mando debutando cunha importante vitoria.

O Lugo reencontrouse cos tres puntos ante o Real Avilés no segundo encontro da segunda volta, xa que o primeiro, o que debe medir aos lucenses co Calasanz, foi suspendido e disputarase o vindeiro xoves 23 de xaneiro a partir das 19:00 horas.

O debut de Bruno Rodríguez á fronte do equipo produciuse ante un rival que na primeira volta cambiou a dinámica dos lucenses. O Avilés reclamou o encontro que perdera na Cheda por aliñeación indebida e gañou o recurso. A partir de aí, a dinámica do equipo foi descendente.

Nesta ocasión o Lugo levouse e quedarase os tres puntos tras impoñerse por cero a dous nun partido marcado pola solidez defensiva dos lucenses ao longo dos noventa minutos ante un rival que empezou moi replegado con liña de cinco defensas sobre un terreo de xogo moi irregular sobre o que

> **"TEMOS QUE SEGUIR TRABALLANDO PARA PODER CORRIXIR OS ERROS E PODER MANTER A LIÑA QUE MOSTRAMOS NESTE ENCONTRO"**
>
> **BRUNO RODRÍGUEZ** - CD Lugo

era moi complicado poder combinar.

En liñas xerais o Lugo tivo sempre o partido baixo control, con Vila e Ernesto xerando perigo por banda dereita e dispoñendo das ocasións máis claras, ata que un disparo de Gómez desde a frontal foi interceptado coa man por un defensa do Avilés dentro da área.

O colexiado sinalou penalti e Gabarre foi o encargado unha vez máis de asumir a responsabilidade desde os once metros, inaugurando o marcador aos trece minutos de xogo.

O Lugo xa fixera o máis complicado, derrubar o entramado defensivo local poñéndose por diante no marcador, polo que a partir de aí tirou de solvencia e apenas concedeu algunha chegada á contra sen perigo.

Ao comezo da segunda parte o Lugo controlou o partido con balón con boa circulación, e puido sentenciar o encontro con accións de Ernesto e sobre todo por medio de Guitián por banda esquerda, pero aos poucos foise perdendo ese control sen que o Avilés tivese ocasións claras.

A sentenza fíxose de rogar, pero chegou no minuto 78 ao rematar Eloy un saque de esquina co que sentenciou o encontro por completo.

**Próxima xornada**

O Celta de Vigo, actual campión de Liga e líder invicto da competición, visitará a próxima xornada A Cheda e poñerá a proba a melloría dun Lugo que caeu por tres goles a un na Madroa na primeira volta.


Ernesto medíndose cun xogador do Avilés na Cheda no partido da primeira volta

**1**

**PARTIDO APRAZADO,** o correspondente a primeira xornada da segunda volta, que se disputará o próximo xoves 23 de xaneiro a partir das 19:00 horas na Cheda ante o Calasanz




Xairo anticipándose a un xogardor do Valladares


Martín, autor do 1-0, entre dous rivais no Roca


David a piques de disparar a porta ante Martín

# Reconciliación cos tres puntos

**O RÁCING VILLALBÉS VOLVEU GAÑAR NA LIGA NACIONAL XUVENIL** tras 11 xornadas, rompendo deste xeito unha inxusta xeira. Primeira vitoria da tempada no Roca para os de Cholas



**Árbitro:** David Pereira, Alberto Blanco e Francisco Ibáñez **Campo:** Estadio Roca, Vilalba

O Rácing Villalbés despediu a primeira volta reconciliándose coa vitoria. Un triunfo que se fixo de rogar once xornadas consecutivas nas que

**"ESTE GRUPO SE MERECÍA UNA VICTORIA ASÍ. POR COMPRIMISO, POR ESFUERZO Y POR MÉRITOS. PENSAMOS YA EN EL PONTEVEDRA"**

CHOLAS - Rácing Club Villalbés

os de Cholas mereceron mellor premio en moitas delas. Esta é ademais a primeira vitoria en casa da tempada.

Tras empezar o ano con derrota no derbi ante o Lugo B na Cheda por 2-1, o Valladares, un rival directo na loita pola permanencia, presentouse no Roca.

O Rácing afrontou o encontro como unha final e foi a polo partido, desde os primeiros minutos nos que Martín estivo a piques de inaugurar o marcador cunha volea nada máis empezar.

O porteiro visitante foi o gran protagonista con intervencións de moito mérito coas que mantivo con vida ao seu equipo.

O Villalbés tivo o dominio na primeira parte e mantivo un goteo constante de ocasións, chegando por bandas onde destacaba a volta de Buján ao once tras moitas xornadas ausente do equipo titular.

Speedy, cun lanzamento de falta á escuadra, e Anido, con outro balón parado, atopouse cunha nova intervención do porteiro do Valladares, que con todo, non puido facer nada para evitar o un a cero antes do descanso. Un gol que asinou Martín ao rematar un centro de Speedy para adiantar aos chairegos.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| MARTÍN | ⚽⚽⚽ |
| DAVID | ⚽⚽ |
| XAIRO | ⚽ |

A segunda parte empezou a pedir de boca, xa que tras un saque de esquina de Anido ao segundo pau, López enviou o balón ao fondo das mallas para ampliar a diferenza ata o dous a cero.

A partir de aí o ritmo foi máis baixo e o Valladares deixouse ver un pouco máis en ataque chegando a recortar distancias a falta de pouco máis de vinte minutos para o final, tempo no que o Villalbés apelou á solvencia defensiva para manter a vantaxe e selar a súa primeiro vitoria do curso no Roca.

# O Porriño estreou a conta de vitorias a costa do Lugo B

**PRIMEIRO TRIUNFO DO COLISTA DA LIGA** nun encontro no que os de Brais Prados nunca encontraron as mellores sensacións, pese a vir de gañar o derbi Provincial

**2**

**AUSENCIAS** Herrero e Rodrigo foron citados por Bruno Rodríguez para xogar co xuvenil A en Aviles na División de Honra xuvenil

**1**

**DEBUT DE FREIRE**
Aínda en idade cadete, o extremo disputou os seus primeiros minutos na categoría de prata do fútbol xuvenil entrando no segundo tempo


Pérez conducindo o balón nun partido disputado na Cheda



**Árbitro:** Alejandro Verissimo, Pablo Novegil, Miguel González **Campo:** Lourambal

O Porriño, último clasificado que non coñecera a vitoria no que vai de tempada, sorprendeu ao Lugo B nun partido no que os lucenses nunca se atoparon cómodos.

Os de Brais Prados debutaran en 2020 cunha vitoria no derbi aprazado no seu día e que se xogou o pasado día 4 na Cheda, impoñéndose ao Rácing Villalbés por 2-1.

O Porriño suscitou o encontro con moitos xogadores no mediocampo e sorprendendo cunha presión alta que o Lugo B non tivo capacidade de romper para saír co balón xogado. Pese a iso, as primeiras ocasións foron para os lucenses por medio de Leandro e Brian, coas que puido cambiar o signo dun encontro que se complicou aínda máis co un a cero do Porriño ao cuarto de hora.

O Lugo reaccionou ao primeiro contratempo tras un roubo de balón de Brian que serviu para que Leandro devolvese as táboas ao marcador no ecuador da primeira parte.

O Porriño atopouse antes do descanso cun penalti a favor co que volveu tomar o mando no marcador, vendo portería en dúas das tres ocasións que tivo nos primeiros corenta e cinco minutos.

Na segunda parte o Lugo B tivo o control do xogo e chegadas por banda, pero sen pegada nos metros finais ante un rival cada vez máis replegado e que esperou a súa ocasión para matar o partido á contra. O plan saiulle redondo ao Porriño, xa que a falta de vinte minutos fixo o tres a un ao culminar un contragolpe, deixando practicamente o encontro visto para sentenza.

O Lugo B envorcouse en busca da remontada e Pérez tivo a ocasión máis clara para recortar distancias nun partido no que o colista sorprendeu aos lucenses.

# O 2020 empeza ao grande

**A RESIDENCIA INICIOU O ANO CUNHA IMPORTATE VITORIA** ante todo un Rácing Ferrol B, terceiro clasificado, que cedeu na Cheda cun gol de Sergio Daniel

| RESIDENCIA | 1 | 0 | R. FERROL B |
|---|---|---|---|
| Gol: Sergio Daniel | | | |




**Árbitro:** Iván Abel Bruzos, Jorge Estraviz e Carlos Casás **Campo:** A Cheda

**3 GOLES** de Sergio Daniel esta tempada coa Residencia. O centrocampista foi o autor do único gol do encontro a media hora de xogo no Municipal da Cheda


O branquiazul Conde nunha acción de ataque da Residencia

**"SEGUNDA VICTORIA CONSECUTIVA. ESPERAMOS SEGUIR EN ESTA DINÁMICA PARA SUMAR DE TRES EN TRES EN LOS PRÓXIMOS ENCUENTROS"** ADRIÁN VÁZQUEZ - SDC Residencia

A Residencia despediu o 2019 con vitoria e recibiu o 2020 do mesmo xeito. Seis puntos consecutivos cos que os de Adrián Vázquez terminan a primeira volta metidos de cheo na loita pola permanencia, á espera de disputar o encontro aprazado que xogarán ante o Boiro o próximo mes.

O primeiro rival do ano era de máximo nivel, xa que visitou A Cheda o equipo revelación da primeira volta, un Rácing de Ferrol B instalado no podio da competición.

Pese a iso, a Residencia foi superior ao longo da primeira parte, na que estivo ben con balón e grazas a iso tivo un goteo constante de chegadas por banda coas que xeraba perigo.

Roi tivo o un a cero tras un centro de Ángel desde a banda, pero o marcador inaugurouno Sergio Daniel co seu terceiro gol do curso ao aproveitar o rexeite dun balón que estrelou García no largueiro e asinar o 1-0 á media hora de xogo.

| OS MELLORES | |
|---|---|
| RESIDENCIA | |
| CANCIO | ●●● |
| DE LA IGLESIA | ●● |
| IVÁN | ● |

Pese a ir por diante no electrónico a Residencia mantivo o listón de esixencia, buscando a Conde en punta e dispoñendo Fonseca dunha clara ocasión para o dous a cero antes do descanso.

Xa na segunda parte o Ferrol B variou o debuxo táctico e pasou a unha defensa de tres con dous carrileros para presionar máis arriba. Con iso foron gañando protagonismo ante unha Residencia que tivo ocasións por medio de Fonseca e Revuelta moi claras para sentenciar, pero os de Adrián Vázquez souberon xuntar filas e facerse fortes liderando Pablo de la Iglesia e Iván a defensa para manter a vantaxe ata o asubío final do colexiado.


Ángel, coa pelota, trata de superar a presión dun xogador ferrolán

# O Rácing B plantoulle cara a un aspirante ao ascenso

**3-0 FINAL** moi avultado ante un Montañeros superiro fisicamente e con moita pegada

| MONTAÑEROS | 3 | 0 | RC VILLALBÉS B |
|---|---|---|---|
| Goles: Diego, Hugo e Óscar | | | |




**Árbitro:** Alejandro del Río, Andrés Izzi, Alberto Montero

**"TEMOS QUE ESTAR OS NOVENTA MINUTOS MÁIS CONCENTRADOS E SABER MANEXAR AS SITUACIÓNS DO PARTIDO. BO TRABALLO E ESFORZO DOS RAPACES"** IVÁN LAMAS - Villalbés B

O Rácing Villalbés B debutou en 2020 disputando o último encontro da primeira volta nun dos campos e ante un dos rivais máis complicados da competición. Un Montañeros que se mantén en postos de ascenso directo á Liga Nacional a próxima tempada.

Pese a iso, os de Iván Lamas foron competitivos malia medirse a un equipo moito máis físico.

| OS MELLORES | |
|---|---|
| RC VILLALBÉS B | |
| GESTO | ●●● |
| DANI | ●● |
| SANTI | ● |

Nos primeiros minutos Miguel foi o máis incisivo xerando perigo por banda dereita. Con todo, os que non se andaron con rodeos foron os herculinos, e na súa primeira aproximación inauguraron o marcador aos dez minutos de partido.

Gesto tivo o empate na mellor ocasión do Rácing B, nunha primeira parte na que o Montañeros continuou exhibindo pegada para irse ao descanso con dous a cero no marcador.

Lonxe de baixar os brazos, o Rácing B saltou ao campo con moi boas sensacións ao comezo dunha segunda parte na que tan só lle faltou a guinda do gol para poder meterse de novo na loita polos puntos. O tres a cero do Montañeros foi unha losa e con ela sentenciaron un encontro máis igualado do que indica o marcador final.

# Iván asinou a remontada do Viveiro

**O CENTRAL MARCOU DOUS GOLES,** o definitivo 2-3 no minuto 101

| ORILLAMAR | 2 | 3 | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| Goles: Pedro e Fernando. | | | Goles: Jorge e Iván (2) |




**Árbitro:** Alexandre López Vila


Os xogadores celestes celebrando o triunfo nos vestiarios

**"ESTA VICTORIA NOS DA MUCHA VIDA PARA AFRONTAR LA SEGUNDA VUELTA DE LA COMPETICIÓN"** ANTONIO SERRANO - Viveiro CF

Tan importante como épica foi a vitoria do Viveiro na Coruña ante o Imperátor. Importante polos tres puntos ante un rival directo tras perder o aprazado ante outro deles a semana pasada, o Estrada que se levou os tres puntos do Marcos Gómez por cero a un; e épica pola forma na que se conseguiu.

No minuto oitenta o Viveiro perdía 2-1. Iván apareceu como improvisado dianteiro, fixo o empate e culminou a remontada cun segundo gol ao máis puro Alexanco, asinando o 2-3 no minuto 101 de partido. Un engadido tan longo ao parárselle o reloxo ao colexiado.

| OS MELLORES | |
|---|---|
| VIVEIRO CF | |
| IVÁN | ●●● |
| XOEL EIJO | ●● |
| ALBERT | ● |

Ata entón o Viveiro tivo o partido controlado nunha primeira parte na que Jorge adiantou aos celestes para chegar con cero a un ao descanso.

Xa na segunda parte, nos primeiros minutos chegou o empate herculino e o xerro de auga fría co momentáneo 2-1.

Lonxe de baixar os brazos, Antonio Serrano puxo toda a carne no asador, acumulando xogadores ofensivos e mentalizando ao seu equipo de que a remontada era posible.

Iván devolveu as táboas ao marcador tras unha acción a balón parado. Coa épica por bandeira, no minuto 101 de xogo, de novo Iván, xogando de dianteiro improvisado, enviou o balón ao fondo das mallas tras tocalo antes Noel e levar a tolemia a toda a expedición celeste que se desprazou ata o Municipal de Leyma.

# O Lugo remata a primeira volta quinto tras caer en Pontevedra

**OS DE DANI GALÁN ESTIVERON LONXE DO SEU MELLOR NIVEL** e perderon ante un rival que sumou os tres puntos sen facer tampouco un gran encontro. Alesito asinou o gol lucense

| PONTEVEDRA | 3 | 1 | CD LUGO |
|---|---|---|---|
| Goles: Daniel (2) e Abel | | | Gol: Alesito |




**Árbitro:** Asier Fariña, Manuel Bellón, Uxía Castro **Campo:** La Junquera



O xogador albivermello, Lombardía, no encontro ante o Celta disputado na Cheda

Partido para esquecer canto antes o disputado polo Lugo en Pontevedra. Os de Dani Galán, que debutaron con vitoria no 2020 tras impoñerse ao San Tirso por 3-2, non puideron encadear dúas vitorias tras caer en Pontevedra por 3-1.

Desde os primeiros minutos as sensacións non foron boas, conscientes do que o encontro tería tintes de fútbol directo nun campo de reducidas dimensións, Dani Galán preparou ao seu equipo para iso, pero o Lugo non estivo fino, perdeu os duelos directos nas disputas e as segundas accións foron para os locais.

Sen facer un gran partido o Pontevedra levou a iniciativa e adiantouse na primeira parte para chegar ao descanso con un a cero no marcador.

Aos dez minutos da segunda parte chegou o dous a cero, tras unha prolongación logo dunha acción de fútbol directo coa que complicaba a loita polos puntos para un Lugo que intentou reaccionar cun cambio de sistema, pasando a defensa de tres, e que soñou co empate tras recortar distancias Alesito cun certeiro remate desde dentro da área.

Con todo, o Pontevedra espertou moi pronto do soño dos puntos ao Lugo, xa que tan só tres minutos despois do 2-1, chegou o 3-1 co que o encontro quedou completamente visto para sentenza.

**Próxima xornada**

A primeira da segunda volta na que o Lugo visita ao Ural na Coruña.

**1**

**VITORIA NO 2020** O Lugo disputou o pasado día 4 o encontro aprazado ante o San Tirso polo temporal e impúxose por 3-2 con dous goles de Lomba e outro de Gabri

**1**

**VICTOR OROSA** estivo coa Selección Galega cadete disputando a primeira fase do Campionato Nacional na Rioxa. Foi o único xogador dun equipo lucense citado

# O Viveiro soñou cos puntos durante unha hora de xogo

**1-1 AO DESCANSO EN ABEGONDO,** nun partido no que os celestes estiveron con vida ata os últimos vinte minutos

| DEPORTIVO B | 6 | 1 | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| Goles: Hugo (2), David, Álex e Marco | | | Gol: Hugo Veiga |




**Árbitro:** Diego Cusset Ramírez

**"SI CONSEGUIMOS MANTENER EL NIVEL DE LOS PRIMEROS SESENTA MINUTOS QUE JUGAMOS ANTE EL MEJOR EQUIPO DE ESTA LIGA, TENDREMOS MUCHO GANADO EN LA SEGUNDA VUELTA DE LA COMPETICIÓN. ORGULLOSO DEL TRABAJO DE TODOS LOS JUGADORES EN UN CAMPO Y ANTE UN RIVAL TAN COMPLICADO"**

SERGIO IGLESIAS - Viveiro

O Viveiro, que aínda non puntuou esta tempada a domicilio, disputou un dos seus mellores encontros fóra de casa no campo máis complicado da competición e ante o líder da Liga Galega cadete. Un Deportivo B que só puido romper o encontro nos últimos vinte minutos tras chegar ao descanso con empate a un no marcador.

As sensacións foron boas desde os primeiros minutos, co equipo comprometido e sen escatimar esforzos.

Lonxe de dedicarse tan só a defender, Adrián, cun disparo afastado, e unha contra guiada por Boixet e culminada por Bruno, foron as ocasións máis claras con cero a cero no marcador.

O Deportivo B adiantouse ao filo da media hora inicial, pero antes do descanso Hugo Veiga aproveitou unha acción de estratexia para devolver as táboas ao marcador e poñer o 1-1 ao final da primeira parte.

Xa na segunda, o Viveiro aguantou en partido mentres tivo forzas. O Deportivo B fixo o 2-1 ao cuarto de hora e o 3-1 co que sentenciou o encontro á hora de xogo. A partir de aí, os herculinos foron dominadores e levaron o resultado final ata o 6-1 que semella moi avultado para o visto sobre o terreo de xogo.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| BOIXET | ⚽⚽⚽ |
| JORGE | ⚽⚽ |
| LUCAS | ⚽ |

# O Rácing Villalbés caeu a balón parado na Coruña

**DOUS CÓRNERS CASE SEGUIDOS** á media hora de partido desnivelaron o marcador en San Pedro de Visma

| MONTAÑEROS | 4 | 0 | RC VILLABÉS |
|---|---|---|---|
| Goles: Jose, Izan, Manuel e Luis. | | | |




**Árbitro:** Diego Seoane Sánchez

**"LA MALA DEFENSA QUE REALIZAMOS EN LAS ACCIONES A BALÓN PARADO NOS DEJÓ SIN OPCIONES DE PODER PUNTUAR EN ESTE ENCUENTRO"**

JANDRO NOVOA - Villalbés

**2**

**EXPULSIÓNS** Alberto e Álex viron o cartón vermello nos últimos minutos, polo que se perderán o próximo encontro ante o Rácing de Ferrol B

O Rácing Villalbés pechou a primeira volta da Liga Galega cadete cunha derrota na Coruña ante o Montañeros, tras un encontro igualado no que as accións a balón parado desnivelaron o marcador na primeira parte.

De inicio o Villalbés estivo cómodo, ata con chegadas á área rival aínda que sen chegar a finalizar. Pola súa banda o Montañeros, aspirante ao ascenso directo, inaugurou o marcador cun disparo desde 30 metros que se coou por toda a escuadra e puxo terra polo medio á vez que sentenciou o encontro con dous goles practicamente consecutivos tras senllos saques de esquina cos que terminou a primeira parte con avultado 3-0.

Sen renunciar ao encontro, no descanso, Jandro Novoa suscitou unha defensa de tres para intentar recortar distancias. Anxo, por partida dobre, e Carlos, dispuxeron de ocasións claras para volver meter ao Villalbés na loita polos puntos, pero trala expulsión de Carlos, na seguinte acción o Montañeros fixo o definitivo 4-0.

O peor ao final do encontro foron as expulsións de Carlos e Álex, que serán baixa a próxima xornada en Ferrol, e a lesión de Javi durante o quencemento.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| VICENTE | ⚽⚽⚽ |
| DIEGO | ⚽⚽ |
| ÁLEX | ⚽ |



Rafa, Brais, Juan e Mario felicitando a Hugo tralo seu golazo

# Hugo e Borja imparten xustiza en Frigsa

## **A MILAGROSA VOLVEU Á SENDA DA VITORIA** cun golazo do centrocampista, e o porteiro evitou o empate no desenlace final

**SDC MILAGROSA 1 | 0 IMPERATOR**

**Gol:** Hugo.

SDC Milagrosa: MARIO; DIEGO; CRIS Adrián; NICO; BORJA; JUAN David; MARCO; BRAIS; HUGO; GAEL; RAFA Bruno.

Imperator: ALEJANDRO Jairo; DIEGO; JOEL Jorge; GONZALO; ANTÓN; ÁLVARO; TOMÁS; PABLO Jacobo; SEOANE; CORVALÁN; DAVID.

**Árbitro:** Yago Amil Castro, Fernando Díaz e Brais Piñeiro **Campo:** Luis López Gorgoso, Frigsa

**"REACCIONAMOS BIEN A LA DERROTA EN BOIRO PERO NON SIGUE FALTANDO DEFINICIÓN PARA LLEGAR CON MÁS TRANQUILIDAD A LOS FINALES DE PARTIDO"** MADRILES - SDC Milagrosa

Un golazo de Hugo pasada a hora de xogo e unha intervención decisiva de Borja na recta final, impartiron xustiza en Frigsa ao darlle os tres primeiros puntos do ano a unha Milagrosa que foi superior ao Imperátor e que xogou un bo fútbol para esquecer a derrota por cinco goles a cero que encaixaron ante o Boiro na pasada xornada.

Ata o un a cero a Milagrosa monopolizara o encontro e as ocasións de gol, que se sucederon con claridade pero sen a xa máis que coñecida efectividade.

Rafa, cun disparo que non atopou portería, e Marco cun remate á escuadra e outro á saída dun córner, tiveron as máis claras ao longo dos primeiros corenta minutos nos que os de Madriles foron superiores e non acusaron a ausencia por lesión de Miguel no mediocampo.

No descanso apenas houbo que retocar nada, tan só dar confianza para ver portería.

Nos primeiros minutos Rafa e Marco aumentaron a ansiedade ao non poder enviar ao fondo das mallas senllos remates desde dentro da área pequena.

Co paso dos minutos a resignación a perder dous puntos empezouse a notar, pero Hugo fíxose cun balón en tres cuartos de campo rival e sen pensalo dúas veces conectou un potente disparo co que puxo o balón en toda a escuadra, moi lonxe do alcance do porteiro herculino.

Co un a cero no marcador a Milagrosa quitouse un peso de encima, pero aínda máis liberados quedaron os capitalinos tras ver como Borja sacaba unha man prodixiosa coa que evitou o empate nos minutos finais trala ocasión máis clara do Imperátor ao longo dos oitenta minutos de xogo en Frigsa.

**OS MELLORES**

**MILAGROSA**

- NICO
- MARCO
- JUAN

**Próxima xornada**

A Milagrosa recibirá ao Compostela, un aspirante ao ascenso e un posible rival nos play off aos que aspiran os de Madriles.



Juan co balón controlado entre dous defensas



Marco baixando o esférico co peito ante un rival

# Inmerecida derrota tras plantar cara ao segundo clasificado

## **OS DE ANTÓN MÉNDEZ** mereceron maior premio ao facer un gran encontro nas Gándaras ante o Boiro



Marco a piques de superar a un rival ante o banquiño



O albivermello Brais vaise por velocidade de dous rivais

**CD LUGO B 2 | 3 BOIRO**

**Goles:** Buide e Antón. **Goles:** Mario, Adrián e Costas.

CD Lugo B: BRAIS Luisma; ROSÓN; SERGIO Buide; RAÚL Pérez; RAÚL; MANU; AYMAN Rober; AMIN; ANTÓN; DANI; MARCO.

Boiro: RONQUETE; JAVIER Cameán; SERGIO Rubén; PABLO Costas; ÁLEX; ABEL; IVÁN; ADRIÁN Ouviña; ELOY Manuel; CARLOS; MARIO.

**Árbitro:** Pérez Prado, Brais del Olmo, Juan Luis Fernández **Campo:** Rodríguez Lago 1

O CD Lugo B pecha a primeira volta na Liga Galega cadete con mal sabor de boca, tras merecer puntuar e loitar por facelo no encontro de onte ante o segundo clasificado, o Boiro.

A igualdade foi máxima dende o inicio do encontro, os visitantes buscaban sorprender cunha presión alta, pero os de Antón Méndez souberon contrarrestrala ben e incluso foron mellores ao longo dunha primeira parte na que rondaron o gol a traves de centros de Marco e Brais que non atoparon rematador. Pese a iso, o Boiro adiantábase no marcador aproveitando un error defensivo nun córner.

Ao descanso chegouse co inxusto 0-1 tralo visto no terreo de xogo, e de cara á segunda metade Antón Méndez decidiu subir liñas en busca do empate. O Boiro comezou a facer dano polas bandas, e nunha desas accións un xogador aproveitou un centro á frontal da área para disparar ao fondo das mallas o que supoñía o 0-2.

Pese a iso o Lugo B non baixou os brazos e pronto Buide reducía distancias tras rematar no primeiro pau unha xogada de estratexia. O conxunto albivermello envorcouse a polo empate, e cando mellor estaban chegou o xerro de auga fría con outro erro defensivo nun saque de esquina que supoñía o 1-3 a falta de dez minutos para o final. Antón asinou o 2-3 tras rematar unha falta lateral a tres de cumplirse o tempo regulamentario, e o Lugo buscou o gol do que sería un xusto empate ata o final do encontro, pero os tres puntos viaxaron finalmente a Boiro.

**Próxima xornada**

Os de Antón Méndez comezarán a segunda volta a próxima fin de semana a domicilio fronte o Estrada, último clasificado, ao que se impuxeron na xornada inaugural por cinco goles a cero.

**1**

**XOGADOR SUB 14**

Manu Ferreiro, infantil que compite na Liga Galega cadete, formou parte da convocatoria da Selección Galega Sub 14 do pasado mes de Decembro

**24**

**PUNTOS**

O CD Lugo remata a primeira volta da competición no oitavo posto da táboa clasificatoria tras sumar 7 triunfos, 3 empates e 6 derrotas


O mediocentro Diego despexando o coiro


O albivermello Jose a piques de facerse cun balón


Román conducindo o esférico por diante dun rival

# Clasificados pola porta grande

**O CD LUGO ESTARÁ NA LOITA POLO TÍTULO GALEGO INFANTÍL** tras rematar a primeira fase con cinco vitorias consecutivas, a mellor xeira de todos os equipos da competición

**CD LUGO 2 – 0 EF LALÍN**

**Goles:** Álex e Jose.




**Árbitro:** Tania Fente, Anaí Vázquez e Celia Rodríguez **Campo:** A Gándaras

O Lugo estará entre os 16 equipos que loitarán polo título Galego. Os lucenses certificaron o seu pase ao grande tras impoñerse nos últimos cinco partidos desta primeira fase, algo que ningún outro equipo conseguiu.

Tras sumar os tres puntos en Carballo no encontro aprazado polo temporal, os de Jony xa tiñan asegurada a súa presenza na segunda fase, pero a dinámica ascendente propiciou que tamén sumasen os tres últimos puntos en xogo.

O Lalín presentouse nas Gándaras con moitísimo respecto, cun repliegue intensivo e coa intención de manter o cero a cero inicial o maior tempo posible. O Lugo armouse de paciencia e moveu ben o balón ao longo dos primeiros corenta minutos, nos que Álex inaugurou o marcador ao rematar unha xogada por banda de Bruno. Pouco despois Jose estrelou unha vaselina no largueiro, pero o dous a cero fíxose de rogar ata o inicio da segunda parte. Esta vez Jose atopou o camiño do gol ao rematar de cabeza un centro de André.

A partir de aí a intensidade foi moito máis baixa, pero o Lalín, a pesar do marcador en contra, centrou a súa atención en non encaixar máis goles que en buscar recortar distancias no marcador.

**5**

**VITORIAS SEGUIDAS** do Lugo, que é o único equipo que conseguiu impoñerse nos últimos cinco encontros da primeira fase da Liga Galega infantil

**2**

**VILLA E JOSE** coa selección galega. Ambos xogadores foron citados por David Páez e disputaron a primeira fase do Nacional con Galicia logrando dúas vitorias

**3**

**COLEXIADAS** O encontro, por segunda vez esta temporada no fútbol base lucense, foi dirixido por tres árbitras, Tania Fente, Anai Vázquez e Celia Rodríguez

# O Viveiro conseguiu saír de Abegondo coa cabeza alta

**BOA IMAXE ANTE O ASPIRANTE AO TÍTULO GALEGO.** Os de Fidi iniciarán a segunda fase da tempada con 8 puntos, superando a 5 equipos da Liga Galega infantil


Naim golpeando o balón nun encontro no Marcos Gómez

**DEPORTIVO 5 – 0 SD VIVEIRO**

**Goles:** Zoe, Juan (2), Adrián e Marcos..




**Árbitro:** Martín García, David Santos, Nicolás Santos **Campo:** Abegondo

INFANTIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| TONI | Villalbés | 6 |
| JAVI | Becerreá | 5 |
| FRANKLIN | Burela | 4 |
| DEIVID | Becerreá | 3 |
| JORGE A. | Ribadeo | 3 |
| ANDRÉS | Becerreá | 2 |
| GONZALO | Milagrosa | 2 |
| PABLO | Milagrosa | 2 |
| MARTÍN | Milagrosa | 2 |
| TEO | Milagrosa | 2 |
| HUGO S. | Piringalla | 2 |
| MARTÍN | Ribadeo | 2 |
| MATEO B. | Ribadeo | 2 |
| DIEGO | Ribadeo | 2 |
| ÓSCAR | Ribadeo | 2 |
| KEVIN | Ribadeo | 2 |
| PABLO NO | Sarriana | 2 |
| PABLO | Viveiro B | 2 |
| MATEO | Burela | 2 |
| SAÚL | Resi A | 2 |
| SAÚL | Burela | 1 |
| IAGO R. | Burela | 1 |
| ALEIXO | Burela | 1 |
| ADRIÁN | CD Lugo B | 1 |
| JAVI | CD Lugo B | 1 |
| BRAIS | Milagrosa | 1 |
| NACHO | Milagrosa | 1 |
| ÁNGEL | Resi A | 1 |
| CILLERO | Resi A | 1 |
| SERGIO | Ribadeo | 1 |
| CARLOS | Sarriana | 1 |
| IAGO | Villalbés | 1 |
| ÓSCAR | Burela | 1 |
| DIEGO O. | Milagrosa | 1 |
| ÁLEX | Viveiro B | 1 |
| IAGO V. | Viveiro B | 1 |
| DANI | Piringalla | 1 |

## Regularidade
INFANTIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| TONI | Villalbés A | 7 |
| CARLOS | Sarriana | 6 |
| JAVI | Becerreá | 5 |
| ALEIXO | Burela | 5 |
| NACHO | Milagrosa | 5 |
| MARTÍN | Milagrosa | 5 |
| NACHO | Resi A | 5 |
| SAÚL | Resi A | 5 |
| NICO | Sarriana | 5 |
| BORJA | Villalbés A | 5 |
| ANDRÉS | Becerreá | 4 |
| DEIVID | Becerreá | 4 |
| SAÚL | Burela | 4 |
| FRANKLIN | Burela | 4 |
| ROMÁN | Piringalla | 4 |
| ADRI | Ribadeo | 4 |
| ÓSCAR | Ribadeo | 4 |
| IAGO | Villalbés A | 4 |
| DANI | Becerreá | 3 |
| MATEO V. | Milagrosa | 3 |
| HUGO S. | Piringalla | 3 |
| BARGADOS | Piringalla | 3 |
| XIAN | Piringalla | 3 |
| JORGE A. | Ribadeo | 3 |
| ADRI | Sarriana | 3 |
| UNAI | Viveiro B | 3 |
| MATEO | Burela | 3 |
| YAGO | Ribadeo | 3 |
| PABLO B. | Burela | 2 |
| XOEL | Milagrosa | 2 |
| ANTÓN | Piringalla | 2 |
| JULIO | Resi A | 2 |
| ÁNGEL | Resi A | 2 |
| MARTÍN | Ribadeo | 2 |
| SERGIO | Ribadeo | 2 |
| PABLO NO | Sarriana | 2 |
| ALEJANDRO | Viveiro B | 2 |

# O Burela exhibiu pegada e poderío físico na Marosa

**TERCEIRA VITORIA NOUTROS TANTOS ENCONTROS** para os de Ánxel, que se impuxeron a un bo Lugo B no que debutou Alberto Pérez no banquiño

| BURELA | 5 | 0 | CD LUGO B |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Mateo (2), Franklin (2) e Óscar | | | |




**Árbitro:** Luis Manuel Graña González **Campo:** Anexo A Marosa, Burela

**OS MELLORES**

| BURELA | | CD LUGO B | |
|---|---|---|---|
| MATEO | ●●● | - | ●●● |
| FRANKLIN | ●● | - | ●● |
| SAÚL | ● | - | ● |

O Burela asaltou o primeiro posto de Provincial tras impoñerse no primeiro encontro do 2020 ao Lugo B por un 5-0 que semella excesivo, aínda que os de Ánxel mereceron os tres puntos, pero non con tanta contundencia como o que indica o marcador final.

No Lugo B debutou Alberto Pérez á fronte do equipo, tras facerse cargo Bruno Rodríguez do xuvenil de División de Honra.

De saída o Burela intentou meter ao Lugo B no seu campo e conseguiuno por momentos, aínda que o gol resistiuse ata que Mateo rematou un saque de esquina pasada a media hora inicial para chegar ao descanso co un a cero no marcador na Marosa.

Nada máis empezar a segunda parte Franklin fixo o dous a cero co que puxo terra polo medio ante un Lugo B que chegou a estrelar ata catro balóns no poste ao longo do encontro.

Sen marxe para a reacción capitalina, de novo Mateo sentenciou o encontro co tres a cero con tan só oito minutos disputados da segunda parte.

A partir de aí, o Lugo B tivo máis chegadas con perigo á contra, pero a pegada continuou correndo a cargo dun Burela que levou o marcador final ata o cinco a cero tralos goles de Óscar e Franklin.

Con pleno de puntos nas tres primeiras xornadas, o Burela está no máis alto da clasificación empatado coa Milagrosa, o outro equipo do Provincial infantil que trala disputa das primeiras tres xornadas suma 9 puntos.

Na próxima cita o Burela viaxa a Lugo para medirse cunha Piringalla que vén de impoñerse na Ribela. O Lugo B, que aínda non estreou a conta de puntos no Provincial infantil esta tempada, recibirá ao Viveiro B nas Gándaras na procura da súa primeira vitoria.

**"DISPUTAMOS UN ENCONTRO DIFÍCIL E COMPLICADO DESPOIS DO PARÓN DO NADAL, NO QUE NOS COSTOU MOITO ENTRAR EN DINÁMICA DE PARTIDO ANTE UN BO RIVAL "**
ANXEL - Burela SD

**2**

**DOBLETES** Mateo e Franklin asinaron dous goles cada un ao longo do encontro. O quinto do Burela foi por medio de Óscar. Franklin con 4 goles, é o máximo goleador do Burela no Provincial infantil

**+9**

**GOLES A FAVOR** para o Burela nas tres primeiras xornadas, nas que os mariñaos suman pleno de vitorias. Un ritmo que tan só mantén a Milagrosa con idéntico rexistro de goles a favor e en contra



Mateo, autor de dous goles na Marosa ante o Lugo B, a piques de golpear o esférico

# Dani guiou o asalto capitalino á Ribela

**O PUNTA DA PIRINGALLA CAMBIOU O SIGNO DO ENCONTRO** trala súa entrada no terreo de xogo e asinou o único gol do partido na primeira parte

| SARRIANA | 0 |
|---|---|
| PIRINGALLA | 1 |

| SARRIANA | PIRINGALLA |
|---|---|
| Álex | Andrés |
| Óscar | Eduardo |
| Pablo | Bargados |
| Unai | Camba |
| Adrián | Antón |
| Carlos ●●● | Diego V. |
| Iago | Hugo G. ●● |
| Adan | Hugo F. |
| Alejandro ● | Manoel |
| Nico ●● | Xián ● |
| Adri | Román ●●● |
| Pablo G. | Ian |
| Santi | Héctor |
| | Rubén |
| | Álvaro |
| | Dani |

**Goles:** Dani marcou para a Piringalla.

**Arbitro:** ÓSCAR CABAÑAS LÓPEZ

A Piringalla asaltou a Ribela da man de Dani. O punta capitalino foi determinante ao asinar o único gol do encontro e tamén ao cambiar o guión do partido coa súa entrada ao terreo de xogo.

Empezou mellor a Sarriana, tendo o control e xerando as ocasións máis claras, pero aos vinte minutos Juan Gómez fixo reaccionar ao seu equipo cun cambio de sistema e dando entrada ao terreo de xogo a Dani, que revolucionou por completo o partido e subiu o cero a un ao marcador ao filo do descanso.

Raúl Fernández, adestrador da Sarriana, tamén buscou alternativas para intentar a remontada na segunda parte. A primeira foi un cambio de sistema pasando a defensa de catro. Co paso dos minutos a Sarriana meteu no seu campo a unha Piringalla que se defendeu con orde para manter a súa portería a cero e ata na recta final, cun remate ao poste de Manoel, puideron ampliar a vantaxe na que foi a súa primeira vitoria neste apaixoante Provincial infantil.

**"TENEMOS QUE SEGUIR TRABAJANDO PARA CORREGIR LOS ERRORES QUE TENEMOS TANTO EN DEFENSA COMO EN ATAQUE"** RAÚL FERNÁNDEZ - Sarriana

**"EL TRABAJO REALIZADO ESTAS SEMANAS QUEDÓ PLASMADO EN EL TERRENO DE JUEGO. ESTA ES LA LÍNEA QUE DEBEMOS SEGUIR"** JUAN GÓMEZ - Piringalla

**1ª**

**VITORIA DA PIRINGALLA** O conxunto capitalino estrenou a conta de puntos no Provincial infantil tras encaixar dúas derrotas nos primeiros partidos



Nacho, da Resi, e Yago perseguindo o balón



Ángel e o mariñense Sergio Tella



Aimar e Jorge Alonso na disputa do coiro

# Táboas nun gran encontro

**RESIDENCIA E RIBADEO** empataron nun partido vibrante do primeiro ao último minuto. Saúl fixo o 2-1 a dous minutos do final, pero Óscar asinou o 2-2 no engadido

| RESIDENCIA A | 2 | 2 | SD RIBADEO |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Saúl (2) | | | **Goles:** Kevin e Óscar |

**Residencia A:** ÓSCAR (Rober); XAVI (Iago), CRIS (David), NACHO, ALEXITO (Anxo); AIMAR, SAÚL, JULIO (Asi), ABUÍN; CILLERO, ÁNGEL

**SD Ribadeo:** DIEGO, SERGIO T. (Pablo L.), YAGO, MARTÍN, MATEO B. (Kevin), HUGO, CABANA (Pablo G.), ÓSCAR (David B.), ADRI, JORGE A., CARTOY (Mateo R)

**Árbitro:** Diego Rodríguez Vilela **Campo:** Municipal A Cheda, Lugo

**"CONTENTO POLA MOSTRA DE COMPETITIVIDADE DOS MEUS RAPACES, UNHA MÁGOA ESA ÚLTIMA XOGADA DO PARTIDO"** KAISER - Residencia A

**"PARTIDO BONITO E INTENSO DOS DOUS EQUIPOS QUE PUIDO CAER PARA CALQUERA DOS DOUS LADOS"** DONATO - SD Ribadeo

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA A | | RIBADEO | |
|---|---|---|---|
| SAÚL | 3 | YAGO | 3 |
| ÓSCAR | 2 | ÓSCAR | 2 |
| NACHO | 1 | ADRI | 1 |

Residencia e Ribadeo demostraron no duelo directo que lles mediu na Cheda que son dous dos aspirantes ao título Provincial e a disputar a fase de ascenso á Liga Galega infantil. Certo é que a Residencia empatou o seu segundo encontro consecutivo en casa e que só suma 5 dos 9 puntos en xogo, pero tamén o é que aínda estamos na terceira xornada, cita na que o Ribadeo se deixou os seus primeiros puntos do curso aínda que a sensación foi a de gañar un, sobre todo tras empatar no último suspiro.

Ata entón a Residencia empezara con máis control do xogo, con chegadas pero sen concretar ocasións claras de gol.

Pola súa banda o Ribadeo acertou nunha delas para inaugurar o marcador cun certeiro remate de Kevin no ecuador da primeira parte.

A Residencia non baixou os brazos e tivo o premio do empate cun remate de Saúl á saída dun córner antes do descanso, tras unha primeira parte na que Kaiser tivo que retirar con molestias físicas a Xavi e Alexito do terreo de xogo.

Xa na segunda parte Donato intentou ter máis control de partido cun cambio de sistema, pasando a un 4-5-1 co que o Ribadeo entrou no intercambio de golpes da Residencia. Con todo, os minutos pasaban e mantíñase o 1-1 no marcador ata que no sprint final, a falta de dous para o oitenta, Saúl volveu acudir á súa cita co gol para facer o 2-1 co que poñía rumbo fixo cara os tres puntos. Pese a iso, o Ribadeo non se rendeu, sacou de centro, buscou o gol e atopouno co empate a dous que asinou Óscar.

## A Milagrosa mantén o pleno de puntos no Provincial tralo seu paso polo Municipal

| BECERREÁ 2 | | MILAGROSA 3 | |
|---|---|---|---|
| Mito | | Antonio | |
| Dani | | Martín | 3 |
| Claudio | | Javi | |
| Alejo | | Diego | |
| Unai | | Álex | |
| Deivid | 2 | Marcos | |
| Adrián | | Mateo | |
| Dorado | | Sufu | |
| Diego | | Gonzalo | |
| Andrés | 1 | Nacho | 2 |
| Javi | 3 | Teo | |
| Manuel | | Anxo | |
| Matías | | Diego O. | 1 |
| Herbón | | Pablo | |
| | | Manu | |
| | | Xoel | |

**Goles:** Deivid e Javi polo Becerreá, Teo, Martín e Diego pola Milagrosa

**Arbitro:** ADRIÁN LÓPEZ BERMÚDEZ

**"TENEMOS QUE SEGUIR TRABAJANDO PARA PODER MEJORAR Y COMETER MENOS ERRORES, SOBRE TODO DEFENSIVOS"** NICO - SD Becerreá

**"TENEMOS QUE SEGUIR LA LÍNEA QUE MANTUVIMOS A LO LARGO DE LA PRIMERA PARTE Y NO LA DE LA SEGUNDA MITAD DEL ENCUENTRO"** MADRILES - Milagrosa



Os xogadores da Milagrosa celebrando un gol esta tempada

A Milagrosa segue facendo méritos para deixar de ser unha revelación no Provincial e ser unha realidade. Os de Madriles comparten liderado da competición co Burela, sendo ambos os únicos equipos que manteñen o pleno de puntos trala disputa das tres primeiras xornadas.

A Milagrosa visitou o sempre complicado campo de Becerreá, onde asinou unha boa primeira parte na que estivo máis intensa, gañou os duelos directos e evitou as contras dun equipo local ben plantado no campo, pero que foi penalizado en exceso con dous erros na recta final da primeira parte cos que Diego e Teo levaron o marcador ata o cero a dous ao descanso.

Nos primeiros minutos da segunda parte Martín culminou unha contra para facer o 0-3. Un resultado que non fixo que os de Nico baixasen os brazos, foron a máis e recortaron distancias por medio de Javi e Deivid, este de penalti, ata soñar cos puntos.

## Toni empatou por dúas ocasións as vantaxes do Viveiro B

| VIVEIRO B 2 | | RC VILLALBÉS A 2 | |
|---|---|---|---|
| Eric | | Antón F. | |
| Alejandro | | Diego | |
| Diego | | Borja | |
| Justin | | Alexo | |
| Pablo G. | | Yago | 1 |
| Iago D. | | Ricardo | 2 |
| Iago V. | | Diego Rego | |
| Claudio | | Toni | 3 |
| Álex | | Noelia | |
| Gabi | | Edu | |
| Sasha | | Antón | |
| Pablo Yanes | | Rubén | |
| Saúl | | David | |
| Xoel Álvarez | | Leo | |

**Goles:** Iago V. e Álex para o Viveiro. Toni (2) polo Villalbés.

**Arbitro:** MARIO CORDIDO GARCÍA.

**"PARTIDO MUY INTENSO JUGADO CON DIFERENTES ARMAS Y QUE DA UNA IDEA DE LO COMPLICADO QUE SERÁ CADA PARTIDO"** PABLO IGLESIAS - Viveiro B

**"PARTIDO QUE PODRÍA HABER CAÍDO DE NUESTRO LADO, PERO LA MALA TOMA DE DECISIONES CONDICIONÓ EL ENCUENTRO"** REBOLO - RC Villalbés A

Reparto de puntos no Marcos Gómez tralo encontro disputado entre o Viveiro B e o Rácing Villalbés. Un partido con estilos de xogo distintos pero emocionante do primeiro ao último minuto de xogo.

O Villalbés tivo o control do xogo pero o Viveiro apelou á orde e tivo pegada. Na primeira parte Iago fixo o un a cero cun disparo desde fóra da área, pero Toni devolveu as táboas ao marcador xusto antes do descanso.

Na segunda parte repetiuse o guión. O Viveiro B, máis xusto de forzas físicamente, volveuse adiantar por medio de Álex, que culminou unha gran acción colectiva, pero Toni volveu aparecer para facer o 2-2 á hora de xogo. A partir de aí, o Rácing tivo chegadas pero sen excesivo perigo.

## CLASIFICACIÓNS

### INFANTIL PROMOCIÓN

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Sarriana - Piringalla | 0-1 |
| Residencia A - Ribadeo | 2-2 |
| Becerreá - Milagrosa | 2-3 |
| Viveiro B - R. Villalbés | 2-2 |
| Burela - CD Lugo B | 5-0 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BURELA S.D. | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 | 11 | 2 |
| S.C.D. MILAGROSA | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 | 11 | 2 |
| SD RIBADEO | 7 | 3 | 2 | 1 | 0 | 14 | 7 |
| S.D. RESIDENCIA "A" | 5 | 3 | 1 | 2 | 0 | 4 | 3 |
| RC VILLALBÉS | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 | 7 | 7 |
| PIRINGALLA | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | 4 | 6 |
| S.D. BECERREA | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | 10 | 13 |
| S.D. SARRIANA | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 | 3 | 5 |
| S.D. VIVEIRO "B" | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 | 4 | 13 |
| C.D. LUGO SAD "B" | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 | 2 | 12 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Piringalla - Burela
Ribadeo - Sarriana
Milagrosa - Residencia
Villalbés - Becerreá
Lugo B - Viveiro B

### INFANTIL PLAYOFF

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| CP Casás - Polvorín | 1-4 |
| Castro - Antas | 6-2 |
| Palas - CD Foz | 4-4 |
| Pontenova - Residencia B | 3-2 |
| Ferroviaria - Guitiriz | 0-2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PALAS C.D. | 7 | 3 | 2 | 1 | 0 | 13 | 8 |
| EF POLVORIN "A" | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 | 11 | 6 |
| S.D. RESIDENCIA "B" | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 | 7 | 6 |
| C.D. FOZ | 5 | 3 | 1 | 2 | 0 | 10 | 9 |
| C.D. CASTRO | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 | 10 | 9 |
| GUITIRIZ S.D. | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 | 8 | 7 |
| C.P. CASÁS "A" | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 | 6 | 7 |
| PONTENOVA | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | 7 | 8 |
| S.D. ANTAS | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | 8 | 15 |
| A.D. FERROVIARIA "A" | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 | 2 | 7 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Polvorin - Ferroviaria
Residencia B - Palas
Antas - Casás
Guitiriz - Pontenova
Foz - Castro

### INFANTIL T. DELEGACIÓN

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Sagrado - EF Viveiro | 3-3 |
| Villalbés B - Río Ouro | 3-3 |
| Ferroviaria B - Fonsagrada | 0-4 |
| Polvorín B - Corgo | 1-2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FONSAGRADA | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 | 10 | 2 |
| E.F. VIVEIRO | 7 | 3 | 2 | 1 | 0 | 14 | 3 |
| A.D. RIO OURO | 7 | 3 | 2 | 1 | 0 | 12 | 5 |
| C.D.CORGO | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 7 | 2 |
| SAGRADO C. | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 11 | 4 |
| VILLALBÉS B | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 | 4 | 16 |
| PIRINGALLA B | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 2 | 7 |
| EF POLVORIN "B" | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 | 4 | 11 |
| FERROVIARIA B | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 | 0 | 14 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Río Ouro - Sagrado
Corgo - Ferroviaria B
Fonsagrada - Villalbés B
Piringalla B - Polvorín B

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## O Foz rabuñou un punto dos Chacotes ante un Palas que segue liderando o Play Off de ascenso

O Palas deixouse os primeiros puntos nesta competición na que seguen á fronte tralas tres primeiras xornadas nas que ningún equipo suma por vitorias os seus encontros. Sen dúbida o encontro da fin de semana disputouse nos Chacotes co 4-4 final entre Palas e Foz. Un partido cheo de alternancias no xogo e no marcador do primeiro ao último minuto.

FÚTBOL FEMININO LIGAS GALEGAS

# O gol resistíuselle aos equipos femininos da Milagrosa nesta xornada

**AS ALEVÍNS E INFANTÍS** da Liga Galega caeron cero a cinco e tres a cero respectivamente

As competicións de Liga Galega alevín e infantil volveron á actividade tralo parón de Nadal e fixérono con dous encontros nos que os dous representantes lucenses, ambos da Milagrosa, caeron derrotados.

O gol foi o gran ausente na primeira xornada do 2020 para ambos equipos, en Liga Promesas Alevín as lucenses recibiron a todo un clásico do fútbol feminino como é o Orzan, equipo que se levou os tres puntos do Luís López Gorgoso tras impoñerse por cero goles a tres.

Pola súa banda o conxunto infantil viaxou a Vigo para medirse co Valladares. Unha longa viaxe que acusaron as lucenses nun partido de dominio olívico que terminou con 5-0 no marcador final.

**Próxima xornada**

A Milagrosa alevín viaxa a Carballo para medirse con Calvo Sanz coa intención de volver á senda da vitoria ante un conxunto que lle avantaxa en dous puntos na clasificación, mentres que o equipo feminino recibirá no Luís López Gorgoso de Frigsa ao Interrías, nun duelo que se presenta igualado e factible para sumar a segunda vitoria do curso.



Lucía dando un pase ante a mirada dunha rival



Nekane defendendo a unha xogadora do Orzán

### ALEVIN FEMININO GALEGA

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Obradoiro – Victoria FC | 0-6 |
| Victoria CF – Arzúa | 8-0 |
| Silva – L. Calvo Sanz | 3-6 |
| Milagrosa – Orzán | 0-5 |
| Narón – X. Crendes | 3-1 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| VICTORIA C.F. "E" | 24 | 8 | 8 | 0 | 0 |
| VICTORIA F.C. | 24 | 8 | 8 | 0 | 0 |
| ORZÁN S.D. | 15 | 7 | 5 | 0 | 2 |
| S.D.C.y R. NARÓN "D" | 15 | 7 | 5 | 0 | 2 |
| CRENDES DE FUTBOL | 10 | 8 | 3 | 1 | 4 |
| A.D.C. OBRADOIRO | 9 | 7 | 3 | 0 | 4 |
| F. LUIS CALVO SANZ | 9 | 8 | 3 | 0 | 5 |
| **S.C.D. MILAGROSA** | 7 | 8 | 2 | 1 | 5 |
| SILVA S.D. | 0 | 7 | 0 | 0 | 7 |
| ARZUA FCF | 0 | 8 | 0 | 0 | 8 |

PRÓXIMA XORNADA

Victoria FC - Victoria CF
Arzúa - Silva
Calvo Sanz - Milagrosa
Orzán - Narón O Freixo
X. Crendes - Obradoiro

### INFANTIL FEMININO GALEGA

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Valladares – Milagrosa | 3-0 |
| V. Interrías – Umia | 2-1 |
| Victoria FC – Victoria CF | 1-3 |
| Orzán – Rosalía | 3-1 |
| San Mateo – UD Mos | 1-2 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| VICTORIA C.F. "D" | 24 | 8 | 8 | 0 | 0 |
| VICTORIA F.C. | 21 | 8 | 7 | 0 | 1 |
| ORZÁN S.D. | 19 | 8 | 6 | 1 | 1 |
| ROSALÍA | 15 | 8 | 5 | 0 | 3 |
| U.D. MOS | 13 | 8 | 4 | 1 | 3 |
| C.D. VALLADARES | 6 | 8 | 1 | 3 | 4 |
| SAN MATEO | 5 | 8 | 1 | 2 | 5 |
| UMIA C.F. | 5 | 8 | 1 | 2 | 5 |
| VIAJES INTERRIAS | 4 | 8 | 1 | 1 | 6 |
| **S.C.D. MILAGROSA** | 3 | 8 | 1 | 0 | 7 |

PRÓXIMA XORNADA

Milagrosa - V. Interrías
Umia - Victoria FC
Victoria CF - Orzán
Rosalía - San Mateo
UD Mos - Valladares



Carmen loitando polo coiro no partido deste domingo

TORNEO SCD MILAGROSA

# O Torneo de Reis citou a 51 equipos

**A SCD MILAGROSA ORGANIZOU UNHA VEZ MÁIS** o xa tradicional Torneo referente durante o parón do Nadal, con máis de medio centenar de equipos e catro categorías en liza

O fútbol nunca se detén e na SCD Milagrosa faino posible cada ano durante o parón do Nadal. Este ano disputouse a XVIII edición do Torneo de Reis, na que se citaron 51 equipos repartidos en catro categorias.

12 prebenxamins, 18 benxamíns, 18 alevíns e 3 na infantil feminina. Máis de 600 nenos e nenas pasaron polo Luis López Gorgoso nunha edición na que ademais as condicións climatolóxicas foron favorables.

Na categoría prebenxamín o Porto de Burela alzouse co título, na benxamín reinou o anfitrión, a Milagrosa; na categoría alevín o título foi para o Galicia de Caranza, mentres que o Rosalía de Ourese alzouse co primeiro posto na categoría infantil feminina.



O Burela, campión prebenxamín, trala entrega de trofeos



A Milagrosa, anfitrión do torneo e campión benxamín



O Galicia de Caranza alzouse co título na categoría alevín



O Rosalía de Ourense foi o campión infantil feminino do Torneo de Reis

# O Polvorín pega primeiro

**OS CAMPIÓNS DO GRUPO CENTRO** leváronse os tres primeiros puntos do Provincial na Cheda, nun duelo de altos voos entre dous aspirantes ao Campionato

| SDC RESIDENCIA | 1 | 2 | EF POLVORÍN |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Goás. | | | **Goles:** Lucas e en propia porta. |




**Árbitro:** FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, MARCO A. **Campo:** A Cheda

**“ESTA DERROTA PÓDENOS ENSINAR A COLLER UN BO CAMIÑO”** KUBALA - SDC Residencia

**“VICTORIA IMPORTANTÍSIMA EN UN PARTIDO COMPLICADO DESPUÉS DEL PARÓN NAVIDEÑO”**
CABALLERO - EF Polvorín A

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | | EF POLVORÍN | |
|---|---|---|---|
| MELVIN | 3 | JOSE | 3 |
| GOÁS | 2 | YAGUITO | 2 |
| SAMUEL | 1 | LUCAS | 1 |

Importante triunfo dos amarelos para comezar o Provincial con boas sensacións. Os de Caballero derrotaron á Residencia na Cheda, nun encontro de máxima igualdade entre dous dos aspirantes ao Campionato, tras finalizar primeiros na fase de grupos.

De inicio o Polvorín saíu mellor ao campo, controlando a posesión e coas ideas claras, pero faltos de definición.

A Residencia, pola súa parte, buscaba sorprender á contra, pero non foron quen de superar á defensa amarela.

As poucos o Polvorín foi atopando ocos en ataque, pero sería a Residencia a que se adiantara no marcador tras un córner que definiu Goás no primeiro pau. Este gol fixo moito dano aos de Caballero, que desapareceron do encontro nos quince últimos minutos da primeira parte.

Tralo intermedio o Polvorín colleu folgos, sobre todo cos cambios. Pablo Vázquez e David déronlle aire ao equipo polas bandas e Jose puxo a claridade por dentro, dando máis sensación de perigo. Así, Lucas devolveu as táboas ao marcador mediada a segunda parte, ao aproveitar un rexeite na área tras un centro de Pablo Vázquez dende banda dereita. Con vinte minutos por diante o Polvorín foise a polo partido, e cando parecía que o marcador xa non se movería, no tempo de desconto Lucas loitou un balón que provocou unha falta de entendemento entre o central e o meta branquiazuis que supoñía o definitivo 1-2 a favor do Polvorín.


Jose trata de facerse co coiro ante Nico


O branquiazul Pipi seguido por Pablo V.


Yaguito leva o coiro por diante de Nico


Javi despexando presionado por Corredoira

## CLASIFICACIÓNS

### CADETE PROVINCIAL

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Residencia – EF Polvorín | 1-2 |
| SD Burela – Piringalla A | 1-2 |
| SD Foz – SD Ribadeo | 2-2 |

Decansa **Becerreá**

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EF POLVORIN "A" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 1 |
| SD RIBADEO | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 1 |
| PIRINGALLA "A" | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 2 | 2 |
| BURELA S.D. | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 2 | 2 |
| S.D. BECERREA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| C.D. FOZ | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 |
| S.D. RESIDENCIA "A" | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 |

PRÓXIMA XORNADA

CD Foz - Residencia A   Becerreá - Burela SD
Piringalla - Ribadeo

### CADETE PLAYOFF

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sarriana – Ferroviaria | 4-1 |
| CP Casás – Monterroso | 1-0 |
| Lourenzá – CD Castro | 1-1 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. SARRIANA | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 4 | 1 |
| C.P. CASÁS | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 |
| C.D. CASTRO | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| E.D. LOURENZA | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| S.D. MONTERROSO | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 |
| A.D. FERROVIARIA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 4 |

PRÓXIMA XORNADA

Ferroviaria - Lourenzá   CD Castro - CP Casás
Monterroso - Sarriana

### CADETE T. DELEGACIÓN

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| SD Viveiro – Piringalla B | 4-2 |
| RC Villalbés B – S. Corazón | 2-1 |
| Polvorín B – Residencia B | Mañá |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. VIVEIRO | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 4 | 2 |
| RC VILLALBES "B" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 1 |
| EF POLVORIN "B" | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| S.D. RESIDENCIA "B" | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| SAGRADO CORAZON | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 |
| PIRINGALLA "B" | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 4 |

PRÓXIMA XORNADA

Sagrado - EF Viveiro   Ferro B - Fonsagrada
Villalbés B - Río Ouro   Polvorín B - Corgo

## O Burela remontou un 0-1, pero a Piringalla empatou no engadido

| BURELA SD 2 | | PIRINGALLA A A 2 | |
|---|---|---|---|
| Santi | | Manu | |
| Otero | | Steven | 3 |
| Gayoso | | Hugo | 2 |
| Lestegás | | Noé | |
| Mateo | | Xoán | |
| Soto | 3 | Correa | |
| Iván | | Adán | |
| Anxo | | Barreiro | |
| Yago | | Ángel | |
| Dani | 1 | Iker | |
| Aarón | 2 | Cristobal | 1 |
| José M. | | Edu | |
| Pardo | | | |
| Orosa | | | |
| Rafa | | | |

**Goles:** Anxo e Dani para o Burela. Cristobal e Iker para a Piringalla.

**Arbitro:** RIVERA ARNAU, JOSE LUIS

**“ESTOU CONTENTO CO TRABALLO DOS MEUS XOGADORES. DEBEMOS SEGUIR TRABALLANDO PARA MELLORAR. ESTA É A LIÑA A SEGUIR”**
ARES - Burela SD

**“PARTIDO MUY IGUALADO DE PRINCIPIO A FIN. DEBEMOS TENER MÁS CONCENTRACIÓN PARA MINIMIZAR ERRORES”**
LUIS AGRA - Piringalla A

Reparto de puntos na Marosa, nun duelo de alternancias no marcador entre Burela e Piringalla. Na primeira metade os visitantes mostráronse superiores e así, Cristobal facía o 0-1 no ecuador tras aproveitar un rexeite.

Ao descanso chegábase coa momentanea vitoria dos capitalinos, pero o Burela aproveitou o intermedio para coller forzas e deulle a volta ao resultado nos primeiros dez minutos da segunda metade, cos goles de Anxo e Dani.

A partir de aí o partido foi un ir e vir de ocasións para ambos equipos, e cando parecía que os tres puntos quedarían na casa, Iker, cun disparo dende fóra da área no tempo de desconto, asinaba o definitivo 2-2 no marcador.

Na próxima xornada o Burela buscará o primeiro triunfo do Provincial ante o Becerreá. A Piringalla fará o propio ante o Ribadeo.

### Pichichi
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| JORGE | Foz | 1 |
| MIGUEL A. | Ribadeo | 1 |
| NICO | Ribadeo | 1 |
| GOÁS | Residencia | 1 |
| LUCAS | Polvorín A | 1 |
| IKER | Piringalla A | 1 |
| CRISTOBAL | Piringalla A | 1 |
| - | - | - |
| - | - | - |
| - | - | - |

### REGULARIDADE
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| DIEGO | Foz | 3 |
| NICO | Ribadeo | 3 |
| MELVIN | Residencia | 3 |
| JOSE | Polvorín A | 3 |
| HUGO S. | Burela | 3 |
| STEVEN | Piringalla A | 3 |
| CARLOS | Foz | 2 |
| AARÓN | Ribadeo | 2 |
| GOÁS | Residencia | 2 |
| YAGUITO | Polvorín A | 2 |
| AARÓN | Burela | 2 |

## Ribadeo soubo sufrir e levouse un igualado derbi mariñao

| SD FOZ 1 | | SD RIBADEO 2 | |
|---|---|---|---|
| Rodri | | Aarón | 2 |
| Rubén | | Mario | |
| Santi | | Brais Nonide | |
| Carlos | 2 | David F. | |
| Adam | | Miguel A. | |
| Jose Mª | | Roi | |
| Samuel | | Antón | |
| Diego | 3 | Diego | |
| Abraham | | Javi A. | |
| Sergio | | Nico | 3 |
| Abuín | 1 | Álex | 1 |
| Jorge | | Iñaki | |
| David | | Kai | |
| | | Brais D. | |
| | | Migui | |
| | | Dani C. | |

**Goles:** Jorge fixo o gol do Foz. Miguel A. e Nico marcaron para o Ribadeo.

**Arbitro:** RIVERA ARNAU, JOSE LUIS

**“NORABOA AOS DOUS EQUIPOS POLO GRAN TRABALLO QUE ESTÁN FACENDO. VAI SER UNHA LIGA MOI BONITA”**
BURUNDA - SD Foz

**“PARTIDO MOI IGUALADO QUE NOS LEVAMOS POR PEQUENOS DETALLES”**
RUBÉN - SD Ribadeo

A xornada inaugural deste Provincial trouxo consigo o primeiro derbi mariñao, un encontro de máxima igualdade no Municipal de Foz que se levaron os visitantes grazas aos goles de Miguel Andina e Nico.

De inicio o Ribadeo saíu mellor, controlando a posesión nos primeiros dez minutos. A partir de aí o encontro igualouse, co Foz buscando o gol á contra, pero antes do descanso Nico adiantaba aos ribadenses tras unha xogada de estratexia.

Tralo descanso mantívose a tónica e Miguel, cun disparo dende a frontal, facía o 0-2 que poñía o encontro moi de cara para os de Rubén. Pero tralo saque de centro Jorge aproveitou unha contra do Foz para recurtar distancias cunha vaselina, con 20 minutos aínda por diante. Os de Burunda apertaron e tiveron ocasións para empatar, a máis clara de Abuín, anulada por fóra de xogo, pero o Ribadeo resistiu o asedio e levouse finalmente os tres puntos do Municipal.

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

## Os dous torneos previos á Copa Deputación comezaron tamén esta fin de semana

Primeira xornada nas competicións cadetes para os equipos non clasificados ao Campionato Provincial. Na liguiña Play Off vitoria da Sarriana por 4-1 ante a Ferro e de Casás pola mínima ante Monterroso, Lourenzá e Castro repartiron puntos. No Torneo Delegación Viveiro e Villalbés B sumaron os tres puntos.

DEPUTACIÓN DE LUGO Deportes VICEPRESIDENCIA

# Seleccións Galegas

## Sub 14 e Sub 16

**DURANTE O PARÓN DE NADAL GALICIA DEBUTOU NA PRIMEIRA FASE DO CAMPIONATO NACIONAL.** Os infantís, con David Páez como adestrador, e os xogadores do Lugo, Manu Ferreiro, Villa e Jose, asinaron pleno de vitorias



Entre os días 27 e 29 de Decembro as Seleccións Galegas masculinas Sub 14 e Sub 16 citáronse nas instalacións do Mundial 82 de Logroño para a disputa da primeira fase do Campionato de España de Seleccións Autonómicas.

Os combinados autonómicos enfrontáronse ás seleccións de País Vasco e A Rioxa, anfitrioa desta cita, e tras varias sesións de traballo previas, cada selección contou cunha convocatoria final de 18 xogadores. No cadro Sub 14, o seleccionador sarriao, David Páez, citou a tres representantes da Provincia: Álex Villamor, Manu Ferreiro e Jose Rey, xogadores do Club Deportivo Lugo. Mentres que na selección Sub 16 o meta Víctor Arosa representou ao club albivermello.

Tras un adestramento previo no escenario desta primeira fase, ambos equipos fixeron o seu debut o pasado día 27 fronte á Rioxa con vitoria. O combinado Sub 14 superou ao conxunto anfitrión por 2-0, nun partido que os de David Páez dominaron de principio a fin e no que Álex Villa e Manu Ferreiro saíron de inicio. A selección Sub 16, pola súa banda, fixo o propio ante o conxunto rioxano para levarse o triunfo por 3-0, participando o porteiro Víctor na segunda metade.

Na segunda xornada, no encontro que os enfrontaba a País Vasco, os infantís leváronse a vitoria por 0-3 mentres que os cadetes caeron 3-1. Estes resultados, pese aos dous triunfos do combinado euskera fronte á Rioxa no derradeiro día de competición, deixan a Galicia como primeira do Grupo D nesta primeira fase do Campionato de España. Así, o combinado autonómico será anfitrión da segunda fase, que se disputará entre os días 6 e 8 de marzo nunha sede aínda por determinar.

Encadradas ambas seleccións con Extremadura e Ceuta, a Sub 14, tras gañar os dous encontros da primeira fase, é unha das favoritas para alcanzar a fase final. Os de David Páez buscarán gañar os dous encontros para asegurar a súa clasificación, xa que Extremadura é un dos equipos que pode desbancar a Galicia. Máis complicado o ten o combinado Sub 16, xa que unha derrota deixaría practicamente fóra da fase final aos cadetes que, obrigados a gañar os dous encontros, deberán tamén agardar que lle favorezan outros resultados. Iso si, xogar na casa esta segunda fase será un punto a favor para os galegos.

CLASIFICACIÓN 1ª FASE CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB-14

| POSTO | SELECCIÓN | PX | PG | PE | PP | GF | GC | DIF | PTS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | MADRID | 2 | 2 | 0 | 0 | 7 | 1 | +6 | 6 |
| 2 | GALICIA | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 0 | +5 | 6 |
| 3 | ANDALUCÍA | 2 | 2 | 0 | 0 | 7 | 3 | +4 | 6 |
| 4 | NAVARRA | 2 | 2 | 0 | 0 | 6 | 2 | +4 | 6 |
| 5 | ARAGÓN | 2 | 2 | 0 | 0 | 3 | 0 | +3 | 6 |
| 6 | COMUNIDAD VALENCIANA | 2 | 1 | 1 | 0 | 7 | 2 | +5 | 4 |
| 7 | EXTREMADURA | 2 | 1 | 1 | 0 | 5 | 2 | +3 | 4 |
| 8 | CANARIAS | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 2 | +2 | 3 |
| 9 | CASTILLA Y LEÓN | 2 | 1 | 0 | 1 | 5 | 5 | 0 | 3 |
| 10 | CANTABRIA | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 4 | 0 | 3 |
| 11 | CASTILLA LA MANCHA | 2 | 1 | 0 | 1 | 3 | 3 | 0 | 3 |
| 12 | BALEARES | 2 | 1 | 0 | 1 | 3 | 4 | -1 | 3 |
| 13 | PAÍS VASCO | 2 | 1 | 0 | 1 | 1 | 3 | -2 | 3 |
| 14 | CATALUÑA | 2 | 0 | 0 | 2 | 3 | 6 | -3 | 0 |
| 15 | ASTURIAS | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 4 | -3 | 0 |
| 16 | LA RIOJA | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 3 | -3 | 0 |
| 17 | MURCIA | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 5 | -4 | 0 |
| 18 | MELILLA | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 8 | -8 | 0 |
| 19 | CEUTA | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 8 | -8 | 0 |

CLASIFICACIÓN 1ª FASE CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB-16

| POSTO | SELECCIÓN | PX | PG | PE | PP | GF | GC | DIF | PTS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | COMUNIDAD VALENCIANA | 2 | 2 | 0 | 0 | 13 | 1 | +12 | 6 |
| 2 | MADRID | 2 | 2 | 0 | 0 | 12 | 1 | +11 | 6 |
| 3 | PAÍS VASCO | 2 | 2 | 0 | 0 | 6 | 1 | +5 | 6 |
| 4 | NAVARRA | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 1 | +4 | 6 |
| 5 | ARAGÓN | 2 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | +2 | 6 |
| 6 | CATALUÑA | 2 | 1 | 1 | 0 | 3 | 2 | +1 | 4 |
| 7 | CASTILLA LA MANCHA | 2 | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | +1 | 4 |
| 8 | CANARIAS | 2 | 1 | 0 | 1 | 6 | 3 | +3 | 3 |
| 9 | GALICIA | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 3 | +1 | 3 |
| 10 | CASTILLA Y LEÓN | 2 | 1 | 0 | 1 | 3 | 3 | 0 | 3 |
| 11 | EXTREMADURA | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 5 | -1 | 3 |
| 12 | ANDALUCÍA | 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 2 | 0 | 2 |
| 13 | BALEARES | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 3 | -1 | 1 |
| 14 | CANTABRIA | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 3 | -1 | 1 |
| 15 | MURCIA | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 3 | -2 | 0 |
| 16 | ASTURIAS | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 4 | -4 | 0 |
| 17 | LA RIOJA | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 6 | -6 | 0 |
| 18 | MELILLA | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 11 | -11 | 0 |
| 19 | CEUTA | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 15 | -14 | 0 |

GRUPOS 2ª FASE CAMPIONATO DE ESPAÑA

| GRUPO A | GRUPO B | GRUPO C | GRUPO D | GRUPO E | GRUPO F |
|---|---|---|---|---|---|
| NAVARRA | ANDALUCÍA | C. LA MANCHA | GALICIA | C. VALENCIANA | MADRID |
| CATALUÑA | CASTILLA LEÓN | PAÍS VASCO | EXTREMADURA | CANARIAS | ARAGÓN |
| CANTABRIA | LA RIOJA | MELILLA | CEUTA | MURCIA | BALEARES |
| | ASTURIAS | | | | |

### A Sub 14, entre o grupo de favoritos

A Selección Galega infantil é unha das cinco que gañou os dous partidos nesta primeira fase que tivo lugar en Logroño, o que a sitúa entre o grupo de favoritos para alcanzar a fase final malia que todo indica que 9 puntos poden ser insuficientes, polo que o combinado de David Páez irá gañar os dous partidos da segunda fase para asegurar a clasificación e, sobre todo, tendo en conta que Estremadura, rival de grupo, é precisamente un dos equipos que pode desbancar a Galicia dos catro primeiros postos.

### A Sub 16, con opcións matemáticas

Moito máis complicado ten a clasificación o combinado cadete. Con este sistema de competición unha derrota déixate case fóra da fase final, pero non matematicamente. Os de Jesús López teñen que gañar os dous partidos e agardar que lle favorezan resultados dos equipos que están por diante na clasificación.

### Segunda fase na casa

O feito de xogar na casa a segunda fase debe xogar a favor dos intereses das nosas seleccións. Estremadura chegará a Galicia con opcións claras na categoría Sub 14 e coas mesmas que Galicia na Sub 16.